

na IGUALDADE

As nenas e os nenos *xogando* xer para medrar, así e a un como mamá, papá, a médica, o profesor... cada laborado, e máis tempo que a súa identidade sexual e a súa identidade conxuntamente coñecidos de si mesmos.

Elixir os xoguetes para as nenas e para os nenos, superando criterios sexistas, é unha responsabilidade que non podemos eludir como formadoras e formadores nunha sociedade de xénero. Partir das demandas infantís, xa que logo, lembráranos a importancia de escoller xogos e xoguetes que, maximizando as súas potencialidades e aptitudes, ó mesmo tempo, incrementen as súas oportunidades de desenvolvemento como persoas.

Ó seleccionar un xogo ou xoguete, cabería velar, igualmente, sobre o seu uso infantil; coidando evitar representacións estereotipadas do papel que mulleres e homes compartimos nunha sociedade que segue a avanzar cara á igualdade.

Non hai obxectos e divertimentoos pensados para nenos, aí xoguetos e xogos que estrutúrenos os adultos.

XOGAMOS na IGUALDADE

XOGAMOS

Oxogo é un elemento básico na vida das nenas e dos nenos. É a súa forma de comprender e de assimilar o contorno no que viven; tamén, un modo preferente de medrar e afirma-la súa identidade masculina ou feminina.

Esta forma prazenteira de medrar, supón, ó mesmo tempo que o desenvolvemento físico, emocional e intelectual, un elemento socializador de primeira orde. Xogando, as nenas e os nenos afianzan as súas capacidades e destrezas, afondan nas súas relacións interpersoais, comparten normas e regras, e achéganse ó respecto e á cooperación entre iguais.

As criaturas, ó longo das diferentes etapas evolutivas, mostran intereses e desexos que veremos traducidos nas súas eleccións. Nesta evolución, as nenas e os nenos manteñen as persoas adultas como obxecto de interese destacado nos seus xogos; así, mediante o xogo simbólico, unhas e outros van aprendendo a realidade que os rodea, imitando os comportamentos e actitudes de quen lles axuda a medrar.



Asentar usos non sexistas do xogo e dos xoguetes na educación infantil.

profesorado, as nais e os pais, temos, ante a infancia, a responsabilidade de favorecer o desenvolvemento integral nunha sociedade, na que os arquetipos masculino e feminino seguen presentes en tódolos ámbitos da vida. A proposta que lle presentamos, ten por obxecto contribuir a esta finalidade desde unha perspectiva pouco habitual: *a igualdade de valoración entre os colectivos feminino e masculino.*

XOGANDO NA IGUALDADE

trátase dunha proposta didáctica realizada polo *Seminario Permanente de Educación para a Igualdade*, que agardamos contribúa a seguir avanzando, desde a fantasía e a creatividade, en novos usos non discriminatorios, do tempo de lecer infantil, a través de xogos e xoguetes que, divertindo, lles axuden a medrar en igualdade de oportunidades.

De seguido, relaciónase unha breve proposta que facilitará abordar o valor da igualdade a través do xogo. As consideracións presentadas, polo seu contido, transcenden un uso didáctico puntual, polo que coidamos que son susceptibles de adoptarse como eixes de traballo permanentes na etapa infantil.

• • • A partir dun relato inacabado, propóriase idear, xunto coas criaturas, un final axelado no que se contemple o valor da igualdade. Un exemplo podería ser a trama protagonizada por un xoguete que anela xogar doutras moitas maneiras.

“Unha corda está cansa de que sempre a usen dunha maneira. Se a collen as nenas, úsana para saltar á corda. Se a collen os nenos, úsana para tirar dos seus extremos ata ver quen gaña. Tamén está farta de que, para xogar, rifen por ela. Decide non deixar que ningún xogue con ela ata que...”

Nenas, nenos ¿a que xogará esta corda?

• • • Empregando materiais de refugallo, ou de uso frecuente na aula, como papel, plastilina, cartón... animaríanse a recrear o seu xoguete preferido, abrindo a novos usos. Observaríanse que as propostas realizadas non entrañan discriminación, ou desvalorización do feminino.

Entre tanto as criaturas constrúen, a persoa adulta que os acompañe podería formular cuestións apropiadas para evitar usos sexistas. A modo de exemplo, apúntanse as seguintes:

- Cómo se pode xogar con fio.
- Quén poderá xogar: nenas, nenos... quen o desexe.
- ¿Valerá para xogar varias veces?
- Cómo se chamará este xoguete.
- A quen llo regalarías.

Segundo os casos, poderíase propoñer a creación colectiva dun novo xoguete.

• • • Sería oportuno planificar unha actividade centrada na análise da publicidade de xogos e xoguetes nos medios de comunicación, abríndolles ás criaturas novos camiños sobre os que medrar a súa fantasía, sen atrancos de xénero. Neste sentido, cabería unha representación publicitaria dos xoguetes creados.

• • • Por último, convidaríamolos a descubrir as posibilidades que xogos e xoguetes gardan, por igual, para unhas e para outros, no material que se acompaña.

